



Boletín de Medio Ambiente

Parque Natural Fragas do Eume

Concellos: A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Cabanas, Monfero, Puentedeume

Rutas: 6 rutas sinalizadas de baixa dificultade, 1 ruta de dificultade media, e 1 ruta de dificultade media/alta.

Recomendacións: Deixar o vehículo nos aparcadoiros habilitados e levar o móbil cargado por completo.

Prohibicións: Acampar, arrancar flores e plantas, prender lume.



Noticias

O Ecobarómetro, o informe que mide a cultura ecolóxica española

Este informe recolle os resultados dunha enquisa sobre a cultura ambiental, no que reflíctese que o 54% dos mozos cree que a cantidade de contidos dedicados a longo do seu aprendizaxe escolar ao medio ambiente e a enerxía é moi insuficiente e só un 44'5% cree que é aceptable.

Tamén recolle a frecuencia das prácticas ambientais. A máis popular é o uso dos contenedores para os distintos tipos de residuos domésticos (87'6%) e a que menos é deixar de usar o vehículo propio por razóns medioambientais (17%).

Fonte: La Fundación Endesa

Amplíase a Reserva da Biosfera As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Os Concellos de Carballo, Cerceda, A Laracha, Mesía e Vilasantar incorporaránse á Reserva da Biosfera. A ampliación todavía require ser valorada pola Unesco e polos 17 concellos que actualmente a conforman, e plantearase unha modificación do nome.

Fonte: La Voz de Galicia

A contaminación pode chegar ao corazón

Un grupo de indagadores británicos realiza un estudo que revela que as nanopartículas contaminantes que respiramos todos os días poden chegar ata o rego sanguíneo e poderían contribuir ao desenvolvemento de enfermidades cardiovasculares.

Fonte: [El Mundo](#)

Catro formas sorprendentes de producir enerxía

Entre as novas formas de producir enerxía de forma ecolóxica atopamos as “pegadas eléctricas” – xeradas a través dunhas baldosas que usan a forza motriz para convertila en electricidade – o “balón que da luz” – almacena enerxía cinética para logo abastecer unha lámpada led – a “maceta que carga o móbil” – extráese a enerxía capturando os electróns xerados durante a fotosíntese das plantas podendo cargar o móbil a través do USB que incorpora – e as “bicicletas que alumean” – con tan só vinte minutos de pedaleo pódense cargar ata cinco luces led.

Fonte: [El País](#)

En Galicia, ¿reciclamos?

As diferenzas xeográficas explícanse, en gran parte, polos distintos anos nos que as Comunidades Autónomas adoptaron o sistema de recollida selectiva, non todas as rexións instalaron o mesmo número de contenedores nin o fixeron ao mesmo ritmo. Destacan, País Vasco (36'4 kilos/habitante), La Rioja (35'2) e Cantabria (34'9). Doutra banda, Asturias (18'3), Galicia (20'8) e Extremadura (21'4) presentan os valores máis baixos.

Fonte: [El País](#)

Mini-mundos para investigar o cambio climático

Científicos australianos crearon pequenos ecosistemas en piscinas para simular os efectos do cambio climático. Mediante a subida da temperatura da auga en 5 grados e a inxección de dióxido de carbono, estudian os efectos que se producirán nestos ecosistemas nos próximos anos se os pronósticos sobre o cambio climático convértense en realidade.

Fonte: [The New York Times](#)

Residuos de zumo para obter bioplástico

España é o quinto país produtor de laranxas e zumos do mundo e o primeiro dentro da Unión Europea. O cal, implica orredor de 1'2 millóns de toneladas anuais de residuos. Para dar saída a todos estes residuos púxose en marcha o proxecto MIPLASCOE, que extrae monómeros mediante fermentación microbiana e a síntese de biopliésteres para a produción de botellas mediante inxección-soplado, é dicir, o seu obxectivo final é crear bioplásticos.

Fonte: [Residuos Profesional](#)

¿Sabías que...

as latas de bebidas tardan 500 anos en desintegrarse se non as reciclas? É mellor que evites o seu uso, xa que a produción e transporte dunha soa lata equivale á metade do bote cheo de petróleo. Se non podes evitar o seu uso recomendámote que as recicles, o seu reciclado reduce un 95% a contaminación atmosférica xerada durante a súa fabricación.

Subvencións

XUNTA DE GALICIA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Plan de explotación marisqueira</u>	Confrarías de pescadores, organizacións ou entidades asociativas do sector.	31/12/2015 - 31/10/2017
<u>Axuda do Plan Renove de instalacións eléctricas comúns</u>	Comunidades de propietarios ou persoas físicas propietarias de edificios de uso residencial con dous ou máis vivendas.	16/03/2017 - 01/09/2017
<u>Axudas para proxectos de enerxías renovables nas empresas de produción agrícola primaria</u>	Empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia, incluídas no sector da produción agrícola primaria. Empresas de servizos enerxéticos que xestionen total o parcialmente instalacións consumidoras de enerxía.	25/04/2017 - 24/05/2017
<u>Axuda do IGAPE para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020</u>	Pequenas e medianas empresas segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº651/2014	18/04/2017 - 20/06/2017
<u>Axuda á nova participación de agricultores en réxime de calidade</u>	Persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias que cumpran a condición de agricultor activo conforme ao establecido no artigo 9 do Regulamento (UE) nº1307/2013	09/05/2017 - 15/06/2017

GOBERNO DE ESPAÑA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Axudas da Fundación Biodiversidad, en réxime de concurrencia non competitiva, para a cofinanciación de proxectos apoiados polo programa LIFE no ámbito da biodiversidade 2017.</u>	Entidades e organizacións sen ánimo de lucro con sede en España, legalmente constituídas e inscritas no rexistro correspondente. Organismos públicos de investigación, universidades públicas, corporacións de dereito público profesionais, Administracións Públicas, entidades locais e entidades mercantís.	15/03/2017 - 16/10/2017
<u>Axudas da Fundación Biodiversidad, en réxime de concurrencia competitiva, para a realización de actividades no ámbito da biodiversidade terrestre, biodiversidade marina e litoral 2017.</u>	Entidades e organizacións sen ánimo de lucro con sede en España, legalmente constituídas e inscritas no rexistro correspondente. Organismos públicos de investigación, universidades públicas, corporacións de dereito público profesionais, Administracións Públicas, entidades locais e entidades mercantís.	15/03/2017 - 30/06/2017

UNIÓ EUROPEA

SUBVENCIÓN	BENEFICIARIOS	PRAZO
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Acción polo Clima 2017, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 07/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Medio Ambiente e Eficiencia Enerxética 2017, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 12/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Natureza e Biodiversidade, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 14/09/2017
<u>Financiación de proxectos tradicionais: Gobernanza e Información Medioambiental, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 14/09/2017
<u>Axudas para a Eficiencia Enerxética, baixo o programa Horizonte 2020</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	25/01/2017 - 07/06/2017
<u>Axudas para Enerxías con baixas emisións de carbono 2017, baixo o programa Horizonte 2020.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	14/10/2015 - 07/09/2017
<u>Financiación de proxectos integrados para o Medio Ambiente e a Acción polo Clima, baixo o programa LIFE.</u>	Entidades públicas, organizacións privadas con o sin ánimo de lucro debidamente registradas en la UE.	28/04/2017 - 26/09/2017

Pagar aos traballadores por kilómetro percorrido en bici

En 2014, 18 empresas prestáronse de maneira voluntaria a incentivar os seus empregados con 0'25 euros por kilómetro percorrido en bicicleta. A iniciativa foi un éxito: o número de traballadores que comezou a ir o traballo en bici subiu do 2% ao 3'6%. Agora, a localidade italiana de Massarosa, na Toscana, decidiu sumarse á iniciativa. A medida conta cun presuposto total de 30.000 euros para o seu primeiro ano. Os traballadores cobrarán un máximo de 50 euros ao mes ou, en calquer caso, de 6 euros ao día. En total, 600 euros anuais máis no seu bolsillo por apostar pola bicicleta.

Fonte: [Cicloesfera](#)

Noruega, o primeiro país do mundo en prohibir a deforestación

A finais do pasado maio, o país convertiuse no primeiro en comprometerse para acabar coa deforestación, comprométese a evitar e prohibir, a través das políticas de contratación pública, calquera produto da súa cadea de suministro que contribue a tala de árbores.

Este paso non é o primeiro tomado polo país neste tema, xa no ano 2008, deu mil millóns de dólares a Brasil para combater esta lacra. Gracias a esta doación, o país sudamericano conseguiu en 2015 reducir a deforestación nun 75%. Salváronse, desta maneira, máis de 8 millóns e medio de hectáreas da selva amazónica e evitouse a emisión de 3'2 millóns de toneladas de CO2.

Fonte: [La Vanguardia](#)

Dumbría Sustentable

O Concello de Dumbría crea unha estratexia de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas. O texto financiouse no seu 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. Os obxectivos perseguidos máis destacables deste documento son: elaborar e centralizar a información e documentación referente aos efectos do cambio climático a nivel do Concello, e aumentar a información e concienciación da cidadanía; e fortalecer a capacidade de adaptación aos efectos do cambio climático dos diferentes sectores do Concello e potenciar un consumo enerxético racional, a redución de emisións de GEI e a loita contra o cambio climático nos planes e políticas municipais.

Fonte: [Concello de Dumbría](#)

Campaña de 'Voluntariado Verde' en Carballo: "Ti tes a chave"

O Concello pon en marcha, no Barrio da Milagrosa, un proxecto piloto en Galicia onde se busca un grupo de voluntarios verdes que se comprometan a depositar residuos orgánicos nuns colectores aos que sólo eles terán acceso mediante unha chave. Os obxectivos máis destacables desta iniciativa son analizar a implicación dos veciños deste barrio e a calidade dos residuos reciclados e analizar a posibilidade de dar algún incentivo aos que mellor reciclen.

Fonte: [Carballo Limpo](#)

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal